

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 25 DE MAIO DE 2007

Sres. asistentes:

SR.ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (CIM)

SRES.CONCELLEIROS.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ VIDAL (CIM)

DONA EVA VILARIÑO GÓNZALEZ (CIM)

DON JUAN JOSÉ HERVA MALLO (PP)

DON LUIS PURRIÑOS PENA (CIM)

DON JOSÉ PAZ TENREIRO (PP)

DONA ROSARIO MANSO LÓPEZ (CIM)

DON MANUEL JOSÉ PÉREZ MARTÍNEZ (PP)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (non adscrito)

SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-

DON MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO (BNG)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (CIM)

DON ANTONIO MEDÍN PENA. (PP)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

No Local habilitado como Casa do Concello en Miño ás catorce horas e quince minutos do día 25 de maio de 2007, reúnen-se os Sres. concelleiros que se acaban de citar e coa presenza do Sr. alcalde-presidente, co obxecto de realiza-la sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ó día 23 de maio de 2007, pregúntase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e non presentándose ningunha, apróbese por unanimidade dos asistentes.

2º.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN CONXUNTA DA ELABORACIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN COMPLEXO DEPORTIVO NA GALEA.

Visto o expediente tramitado para a contratación conxunta da elaboración do proxecto de execución das obras e construción dun complexo deportivo na Galea.

Visto que o precitado expediente foi sometido a ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 23 de maio de 2007, na que os membros asistentes reserváronse a opinión para o correspondente pleno.

Visto que a Mesa de contratación acordou elevaran proposta de adxudicación a favor da empresa ALDASA S.L.U, como autora da proposta máis vantaxosa, se ben detraendo do prezo proposto pola empresa os gastos relativos á dirección de obra e a coordinación da seguridade e saúde, por tratarse de gastos que non forman parte do obxecto do contrato.

A alcaldía propón o pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación conxunta da elaboración do proxecto de execución das obras e construción dun complexo deportivo na Galea á empresa ALDASA S.L.U, por prezo de 2.885.127,13 euros, resultado de descontar á oferta proposta pola empresa os gastos de dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde.

2º.- Notificar o presente acordo ás empresas participantes e proceder a súa publicación no BOP.

Sometida a proposta de acordo da alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:

10 votos a favor do CIM, PP e do Concelleiro non adscrito.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á adxudicación da contratación conxunta da elaboración do proxecto e execución das obras de construción dun complexo deportivo na galea, por unanimidade dos presentes.

3º.- APROBACIÓN DO GASTO PLURIANUAL NO EXPEDIENTE DE CONSTRUCCIÓN DUN COMPLEXO DERPOTIVO NA GALEA.

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

“Estando previsto no orzamento municipal do exercicio 2007 e dentro do anexo de investimentos a realización da obra de construción dun complexo deportivo en Miño, cunha anualidade prevista para o exercicio 2007 de 664.875,00 euros na partida orzamentaria 452/622.00.

Considerando que o orzamento máximo de execución previsto era de 3.000.000,00 euros o que determina que a competencia para a contratación correspondía ó concello-Pleno en virtude do disposto no artigo 22.2 n) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local posto que o seu importe supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e que se trata dun gasto plurianual cuxo importe acumulado de todas e cada unha das súas anualidades supera o porcentaxe indicado anteriormente.

Considerando que tal e como se determina no prego de cláusulas administrativas o prazo de execución das obras será como máximo de 33 meses, polo que o gasto adquire natureza plurianual.

Visto o expediente de contratación tramitado ó efecto e visto que a proposta da Mesa de Contratación eleva a proposta de adxudicación á empresa ALDASA, S.L.U cuxa proposición económica ascende a 2.885.127,13 euros o que supón unha baixa na licitación de 114.872,87 euros, baixa que se aplicará á última anualidade prevista.

Considerando que de acordo co previsto no art. 125.4 do TRLCAP *“En los casos a que se refiere este artículo, la orden de iniciación del expediente y la reserva de crédito correspondiente fijarán el importe estimado máximo que el futuro contrato puede alcanzar. No obstante, no se procederá a la fiscalización del gasto, a su aprobación, así como a la adquisición del compromiso generado por el mismo, hasta que no se conozca el importe y las condiciones del contrato de acuerdo con la proposición seleccionada, circunstancias que serán recogidas en el correspondiente pliego de cláusulas administrativas particulares.”*

De acordo coas previsións da BEO 28ª do orzamento, expóñense na presente proposta as características do presente gasto plurianual:

a) Suposto no que se basea.

O presente gasto atopa encaixe dentro do suposto previsto no artigo 80.1 a) do RD 500/90 e 174.2 a) do TRLRFL “Investimentos e transferencias de capital”.

b) Cumprimento dos límites cualitativos.

Posto que tal e como se determina no prego de cláusulas administrativas que se presenta ó Concello –Pleno para a súa aprobación, as anualidades do gasto plurianual serían as seguintes:

- Anualidade 2007.....664.875,00 euros
- Anualidade 2008.....1.800.000,00 euros
- Anualidade 2009.....420.252,13 euros

Considerando que co desglose por anualidades antes descrito non se estarían a cumprir os límites cualitativos previstos na normativa vixente, pola Alcaldía presidencia preséntase ó Pleno proposta de acordo de elevación dos mesmos en virtude da habilitación contida no artigo 174.5 do TRLRFL.

c) Plan de inversións e programa de financiamento.

O plan de inversións e o programa de financiamento é o que se incorpora como anexo dentro da proposta que esta Alcaldía eleva ó Concello–Pleno de modificación do anexo de investimentos do exercicio 2007, polo que a ela me remito.

d) Existencia de compromisos firmes de aportación.

Na medida en que tal e como se detalla na ficha de gasto plurianual que se addenda ó anexo de investimentos-2007, inclúese dentro do programa de financiamento a afectación dos recursos procedentes da operación crediticia formalizada coa entidade financeira Caixa Galicia por importe de 3.725.276,50 euros.

Por todo elo, e previo o informe de fiscalización da intervención municipal, esta Alcaldía eleva, previo dictame da Comisión de Facenda, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** ó Concello-Pleno:

1º Aproba-lo gasto plurianual correspondente co investimento de construción dun complexo deportivo en Miño por un importe total de 2.885.127,13 € e cuxo desglose por anualidades é o descrito anteriormente, e todo elo de acordo co determinado nos parágrafos anteriores.”

Dáse conta do ditamen favorable da Comisión de Contas de Facenda da data 25 de maio de 2007.

Sometida a proposta de acordo da alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:

10 votos a favor do CIM, PP e do Concelleiro non adscrito.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á aprobación do gasto plurianual no expediente de construción dun complexo deportivo, por unanimidade dos presentes.

4º.- APROBACIÓN DA ELEVACIÓN DOS PORCENTAXES DO ARTIGO 174 DO T.R.L.R.F.L. NO EXPEDIENTE DE CONSTRUCCIÓN DUN COMPLEXO DEPORTIVO NA GALEA E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTO DO EJERCICIO 2007.

Dáse conta da providencia de alcaldía na que se establece:

“Visto o expediente de contratación das obras de “Contratación conxunta da redacción do proxecto e posterior execución das obras de construción dun complexo deportivo en Miño, A Coruña”. O expediente de acordo co determinado no prego de cláusulas administrativas foi cualificado como gasto plurianual cun desglose por anualidades que abrangue dende o exercicio 2007 ata o 2009.

Considerando pois que estamos ante un investimento de carácter plurianual e visto que o artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo determina que:

“1. La autorización o realización de los gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen los respectivos presupuestos.

2. Podrán adquirirse compromisos por gastos que hayan de extenderse a ejercicios posteriores a aquel en que se autoricen, siempre que su ejecución se inicie en el propio ejercicio y que, además, se encuentren en alguno de los casos siguientes:

a) Inversiones y transferencias de capital.

b) Los demás contratos y los de suministro, de consultoría, de asistencia técnica y científica, de prestación de servicios, de ejecución de obras de mantenimiento y de arrendamiento de equipos no habituales de las entidades locales, sometidos a las normas del Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, que no puedan ser estipulados o resulten antieconómicos por un año.

c) Arrendamientos de bienes inmuebles.

d) Cargas financieras de las deudas de la entidad local y de sus organismos autónomos.

e) Transferencias corrientes que se deriven de convenios suscritos por las corporaciones locales con otras entidades públicas o privadas sin ánimo de lucro.

3. El número de ejercicios a que pueden aplicarse los gastos referidos en los párrafos a), b) y e) del apartado anterior no será superior a cuatro. Asimismo, en los casos incluidos en los párrafos a) y e), el gasto que se impute a cada uno de los ejercicios futuros autorizados no podrá exceder de la cantidad que resulte de aplicar al crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió los siguientes

porcentajes: en el ejercicio inmediato siguiente, el 70 por 100; en el segundo ejercicio, el 60 por 100, y en el tercero y cuarto, el 50 por 100.

4. Con independencia de lo establecido en los apartados anteriores, para los programas y proyectos de inversión que taxativamente se especifiquen en las bases de ejecución del presupuesto, podrán adquirirse compromisos de gastos que hayan de extenderse a ejercicios futuros hasta el importe que para cada una de las anualidades se determine.

A estos efectos, cuando en los créditos presupuestarios se encuentren incluidos proyectos de las características señaladas anteriormente, los porcentajes a los que se refiere el apartado 3 de este artículo se aplicarán sobre dichos créditos una vez deducida la anualidad correspondiente a dichos proyectos.

5. En casos excepcionales el Pleno de la corporación podrá ampliar el número de anualidades así como elevar los porcentajes a que se refiere el apartado 3 de este artículo.

6. Los compromisos a que se refiere el apartado 2 de este artículo deberán ser objeto de adecuada e independiente contabilización”

Resultando que neste caso estamos ante un investimento de carácter plurianual cuxo número de anualidades é de tres pero que o gasto que se imputa á anualidade do exercicio 2008 e 2009 excederían dos porcentaxes previstos inicialmente na lei de facendas locais (70%, 60%).

Considerando que o apartado quinto do citado artigo prevé que o Pleno da corporación poderá excepcionalmente elevar as porcentaxes a que se refire o apartado 3 do artigo 174, e na medida en que debido ó orzamento ó que ascende o presente investimento resulta imposible habilitar o crédito na anualidade do exercicio 2007 polo crédito necesario para dar cumprimento ós porcentaxes definidos no artigo 174.3, esta Alcaldía, propón ó Concello-Pleno, previo dictame favorable da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1º Que se proceda á aprobación da elevación dos porcentaxes nas anualidades do exercicio 2008 e 2009 a que fai referencia o apartado 3 do artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ante a imposibilidade de habilitar o crédito na anualidade do ano 2007 necesario para garanti-lo cumprimento dos límites porcentuais determinados no TRLRFL. Os porcentaxes resultantes quedarían como segue:

	Importe anualidade (€)	Porcentaxe anualidade (%)
Ano 1 (anualidade 2008)	1.800.000,00	270 %
Ano 2 (anualidade 2009)	420.252,13	63%

2º Que se proceda á inserción no anexo de investimentos do exercicio 2007 de modo que se adxunte como anexo a ficha do presente gasto plurianual cuxo contido é o seguinte:

Proxecto Construcción de complexo deportivo en Miño, A Coruña

Ano	Gastos	Descripción	Importe
2007	452/622.00	Educación física, deportes e esparcemento. Inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos.	664.875,00
2008	452/622.0	Educación física, deportes e esparcemento.	1.800.000,0

0	Inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos.	0
2009 452/622.0	Educación física, deportes e esparcemento.	420.252,13
0	Inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos.	

Total gastos 2.885.127,1
..... 3

Ano	Financiam ento	Descrición	Importe
2007	91700	Prestamo	664.875,00
Total financiamento			664.875,00
.....			

Dáse conta do ditamen favorable da Comisión de Contas de Facenda da data 25 de maio de 2007.

Sometida a proposta de acordo da alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:

10 votos a favor do CIM, PP e do Concelleiro non adscrito.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía relativa á elevación dos porcentaxes do artigo 174 do T.R.L.R.F.L. no expediente de construción dun complexo deportivo na Galea e modificación do anexo de investimento do exercicio 2007, por unanimidade dos presentes.

5º.- EXPEDIENTE DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/07.

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

“A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aprobalo expediente nº 03/2007 de Suplemento de Créditos por un importe global de 70.000,00 € financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, conforme ó seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE (€)
452/227.09	Educación física, deportes e esparcemento. Outros contratos.	70.000,00
TOTAL		70.000,00 euros

2º.- Financia-lo expediente nº 03/2007 de suplementos de créditos mediante Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.”

A Comisión de Contas de Facenda acorda, por unanimidade dos presentes, ditaminar

favorablemente a proposta de alcaldía.”

Dáse conta do ditamen favorable da Comisión de Contas de Facenda da data 25 de maio de 2007.

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:

10 votos a favor do CIM, PP e do Concelleiro non adscrito.

Queda aprobada a proposta de acorda da alcaldía, relativa ó expediente de suplemento de crédito 3/07, por unanimidade dos presentes.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás catorce horas e vinte e cinco minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria municipal